

OBJETIVO A LAXE

Concurso de fotografía




 A LAXE

OBJETIVO A LAXE

Participa y consigue una plaza en un **curso completo de fotografía** impartido por profesionales del colectivo **OloPhoto**, todos los viernes y sábados desde el 26 de mayo al 7 de julio en A Laxe.



DESCUBRE AQUÍ
CÓMO PARTICIPAR



cómo participar

PASO 1

Pásate por A Laxe y haz una foto lo más creativa posible del centro para participar en el concurso.

PASO 2

Sube tu foto en la siguiente página: alaxecentrocomercial.es/objetivo-a-laxe (**antes del 19 de mayo**), y acepta las condiciones del sorteo.

PASO 3

Una vez presentadas las propuestas, el jurado, formado por los mismos profesores que impartirán el curso, seleccionará las **20 mejores fotos** que ganarán una plaza en el curso de fotografía.



EXPOSICIÓN EN A LAXE

Tras finalizar el curso, se hará una selección de las mejores fotografías realizadas durante las jornadas con el fin de exponerlas en las instalaciones de A Laxe durante un período de tiempo indefinido.



Un mar de posibilidades

programa



Realizamos obradoiros en torno á fotografía e o vídeo como ferramentas principais no documentalismo gráfico; dende niveis iniciáticos ata formación orientada a profesionáís do eido do xornalismo gráfico.

Proporcionamos asesoramento sobre a produción, desenvolvemento e consecución de reportaxes gráficas, en todas e cada unha das súas fases, sempre cun carácter participativo e orientativo.

1. Obradoiro de iniciación á fotografía

26 - 27 de mayo

Impartido por:
Agostiño Iglesias
Brais Lorenzo

Aprenderemos a sacarlle partido á túa cámara réflex, mirrorless ou compacta (co modo Manual) para levar a fotografía ao seguinte nivel. Profundizaremos en conceptos fotográficos tales como diafragma, velocidade de obturación, sensibilidade ISO, exposición, tipos de lentes... Coñecementos que teorizaremos con diapositivas e afianzaremos mediante as prácticas levadas a cabo durante ambas xornadas.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Tipos de cámaras.
- Tipos de arquivos dixitais: RAW, JPG, TIF
- Enfoque: manual, simple, continuo.
- Velocidade de obturación e movemento.
- Diafragma e profundidade de campo.
- Sensibilidade ISO.
- Balance de brancos e temperatura de cor.
- Medición da luz.
- Tipos de iluminación.
- Tipos de lentes fotográficas: fixas, zooms, angulares, normais e teleobxectivos.
- Distancia focal e hiperfocal.
- Iluminación natural e artificial.
Píxeles, resolución da imaxe e peso da imaxe.

2. Obradoiro de fotografía con móbil

2 - 3 de xuño

Impartido por:
Agostiño Iglesias
Paula Quiroga

¿Cal é a túa mellor cámara? Aquela que levas contigo nese momento; habitualmente, a do teu smartphone. Profundizaremos nas funcións do dispositivo e coñeceremos diversas técnicas para subir de nivel as fotografías feitas co noso dispositivo móbil.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Exposición e enfoque.
- Luz e sombra.
- Modos de disparo e composición.
- Iniciación á paisaxe, retrato e produto.
- Branco e negro, filtros e revelado dixital.

3. Obradoiro de iniciación á fotografía de retrato e de produto

9 - 10 de xuño

Impartido por:
Vanessa Casteleiro
Xosé Manuel García

A imaxe de produto encádrase na fotografía publicitaria. Aprenderás a maneira de mostrar da forma máis atractiva un obxeto.

A fotografía de retrato é unha das disciplinas con máis traxectoria da historia. Atrapar a esencia do suxeito mediante un retrato é perdurar eternamente. Retratos, fotos familiares, poderás obter inspiración, consellos e trucos para conseguir realizar bos retratos.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Orixe do retrato.
- Tipos de planos.
- Iluminación e fondos.
- Equipo básico
- Luz natural vs. luz artificial.
- Retrato creativo.
- Retrato B/N.

4. Obradoiro de iniciación á cinematografía

16 - 17 de xuño

Impartido por:
Paula Quiroga
Brais Lorenzo

Para grabar as historias que queremos contar non fai falta un gran equipo. Aprenderás a crear historias de acordo aos requisitos do teu proxecto.

Dende unha cámara de cine ata a cámara do teu móbil. Veremos que non fan falta grandes medios para facer vídeos de calidade.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Iniciación ao traballo con cámaras de cinema e vídeo.
- Introducción á creación artística das imaxes para a posta en escena de calquera obra audiovisual. Diseñar o estilo e aproximación visual ao proxecto e conseguir a estética desexada.
- Coñecer as ferramentas e os procedementos da industria cinematográfica actual.
- Caso práctico de gravación e montaxe dunha peza audiovisual.

5. Obradoiro de iniciación ó fotoxornalismo

23 - 24 de xuño

Impartido por:
Brais Lorenzo
Vanessa Casteleiro

O fotoxornalismo como forma de vida: Sentir para transmitir. A reportaxe gráfica é un xénero do xornalismo que se ocupa de relatar os feitos.

Coñecerás a maneira de transmitir, comunicar e representar acontecementos a través das imaxes.

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Breve introducción á historia do fotoxornalismo.
- Metodoloxía de traballo do fotoxornalista.
- Construción dunha reportaxe fotográfica.
- Análise do sector e das súas posibilidades.
- Vivir do fotoxornalismo?
- Edición. Visionado do traballo dos asistentes.

6. Obradoiro de iniciación ó postprocesado dixital

Camera Raw, Lightroom e Photoshop. Como revelar as túas fotos

Unha fotografía non está rematada ata ser postprocesada. O fotógrafo debe coñecer a súa cámara e o seu rango dinámico para que a toma sexa correcta e posteriormente coa postproducción axustar a exposición e a cor.

30 de xuño - 1 de xullo

Impartido por:

Paula Quiroga
Agostiño Iglesias

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Sistema de archivado fotográfico (softwares baseados en base de datos).
 - Copias de seguridade.
 - Revelado básico con Camera Raw ou Lightroom.
 - Teoría da cor e referentes fotográficos.
 - Bases de Photoshop (ferramentas avanzadas).
-

7. Obradoiro de fotografía nocturna

De 19 a 22 h + saída nocturna para os alumnos que queiran.

Fundamentos e técnicas básicas para crear os distintos tipos de fotografía nocturna, dependendo do momento do día e da condición da luz. Explorarás a túa creatividade.

7 - 8 de xullo

Impartido por:

Brais Lorenzo
Agostiño Iglesias
Vanessa Casteleiro

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

- Equipo básico para fotografía nocturna.
- Fotografía urbana nocturna.
- Fotografía nocturna de longa exposición.
- Lightpainting.

DOCENTES

VANESSA CASTELEIRO



Fotoxornalista e fotógrafa documental. Comeza no 2006 e publica diariamente en prensa galega. As mulleres, a industria, os temas sociáis, son temas recurrentes no seu traballo máis persoal. Apostar por unha información máis xusta é unha das súas motivacións. Recoñecida coa Medalla de prata nos “Premios ÑH6, Lo mejor del periodismo España y Portugal” polo súa reportaxe “Unha ollada crítica”.

BRAIS LORENZO



Dende o ano 2010 traballa como colaborador da Axencia EFE e do xornal Faro de Vigo. Realizou fotografías para outros medios de comunicación como El País, El Mundo, La Vanguardia, ABC, XL Semanal, Público, Eldiario.es, La Marea, Nós Diario, Revista Luzes, The Guardian e axencias como AFP ou AP.

En 2021 o seu traballo sobre a pandemia do coronavirus foi recoñecido cos premios Ortega y Gasset, POYi, POYi Latam, News Photo Awards, Sony World Photography Awards, Estação Imagem, Premio Carlos Casares ó Talento Activo ou Premio de Xornalismo Xosé Aurelio Carracedo, entre outros.

AGOSTIÑO IGLESIAS



Comeza a súa carreira en 2013 como fotógrafo social e publicitario con encargos para entidades como Greenpeace España, Verdegaia, Turgalicia, Colabora Birmania ou Adolfo Domínguez.

Durante estes últimos anos concentra os seus esforzos no fotoxornalismo e o documentalismo como fotógrafo freelance, colaborando con La Voz de Galicia principalmente; publicou tamén con El País, Faro de Vigo, Novas da Galiza, Revista Salvaje, revista Luzes, Altaïr Magazine...

Paralelamente, imparte clases de fotografía en diversas localidades da provincia de A Coruña.

PAULA QUIROGA



Directora de Fotografía e Xornalista

Comeza a súa carreira no ano 2019 coa dirección do documental Outra Coruña Posible e o proxecto multimedia Raíces Doces (Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro). Dirixe a serie Conseguiremos en colaboración coa RAG (Real Academia Galega) e a USC (Universidade de Santiago de Compostela) para promover o uso do galego entre a mocidade (Premio Clúster Audiovisual Galego 2020).

Recentemente obtén o máster en Dirección de Fotografía na ESCAC (Escola Superior de Cinema e Audiosuais de Cataluña). Actualmente traballa na dirección de fotografía de proxectos audiovisuais documentais e de ficción.



Cánovas del Castillo, 1
36202 Vigo
T. 986 44 37 88

www.alaxecentrocomercial.es